

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os encantos das Fontes do Vedral, en Mondoñedo

As Fontes do Vedral están entre O Reguengo e San Paio, na parroquia de Santiago, Mondoñedo (Lugo). Había dúas fontes unidas polo carreiro que comunicaba O Reguengo con San Paio. Cada unha delas co seu pío de granito entre dous vargos de lousa que servían de lavadoiros. A diferenza máis notable entre elas era a súa situación. A primeira estaba en sitio solleiro, na camposa do seu arredor tendíase roupa ao clareo. A segunda era avesía por estar socavada nunha especie de cova na que os raios de sol entraban mainiños ó solpor. Era esta a fonte máis feiticeira na que ó amencer se peiteaba medio espida a moza máis loira e máis fermosa que nunca endexamais ningún home se imaxinara (Penso que dicían que era filla dun rei mouro ¿□?) pero todo aquel que ousara axexala quedaría enfeitizado.

Un veciño do lugar, con nome e apelidos (□?), son incapaz de lembrar o seu nome, foise achegando silandeiro polo souto ata agocharse nunha cachoupa vella dun castiñeiro e por un dos seus furados podía albiscar á doncela que cantaruxaba mentres peiteaba cun peite de ouro os seus fermosos cabelos.

Cando ela se retirou, o veciño saíu da cachoupa ás catro patas tan ledo que non se decatara de que quedara convertido nun carneiro branco que aínda cando eu era neno seica saía ó carreiro e turraba a todos os que se achegaran antes da saída e despois da posta do sol. Por iso os nenos sempre tivemos certo reparo para cruzar polo Vedral.

[Remitida por Francisco Piñeiro (natural de O Reguengo), residente en Cervo (Lugo). Decembro de 2012]